

SEGREDOS DUN MATRIMONIO

1710

Ingmar Bergman, 1974

ESTREA EN NUMAX: 05.04.2026 | V.O.S.E. | 168 min

O matrimonio formado por Johan, profesor de psicoloxía, e Marianne, avogada, recibe unha noite na súa casa a visita dos seus amigos Peter e Katerina. Ao pouco tempo, os convidados empezan unha forte discusión na que os anfitrións tentan mediar sen éxito algún. Cando fican sós, Johan e Marianne empezan a falar do seu matrimonio e dos seus problemas.

«Un estudo exhaustivo da dúbida, a desesperación, a confusión e a soidade experimentada por unha muller»

Geoff Andrew, TIME OUT



A parella baixo o microscopio

Por Gloria Benito

Os analistas cinematográficos adoitan coincidir en que *Segredos dun matrimonio* (1974) supón un xiro na temática de Bergman, centrada ata entón no pensamento existencialista e as súas permanentes cuestións sobre a soidade, a morte, a fe ou a ausencia de Deus.

Pero aínda que é certo que o cineasta despraza o seu foco cara a comportamentos máis íntimos da natureza humana, nunca abandona a súa inclinación cara á exploración aguda e lúcida do baleiro e a angustia da existencia. O que agora se propón este gran observador da alma humana é achegar ao espectador o complexo mundo da vida conxugal e as súas relacións sentimentais, co fin de poñer de manifesto as súas contradicións e sacar á luz as súas zonas máis escuras.

Segredos dun matrimonio foi en principio unha exitosa serie televisiva de seis capítulos coa correspondente versión cinematográfica de case tres horas de duración, merecedora dun Globo de Ouro entre outros moitos trofeos, a pesar da súa duración e o seu carácter anticomercial. Cada unha das partes penetra nun momento do estado das relacións entre Marianne (Liv Ullmann) e Johan (Erland Josephson), onde se exploran sen compaixón os actos e condutas dos personaxes, sometidos á implacable mirada do director sueco.

Os eternos interrogantes respecto ao amor transfírense a uns diálogos dramáticos, influencia recoñecida de Strindberg e Ibsen, que sustentan o contido do filme e impulsan a reflexión sobre toda unha gama de emocións e comportamentos, desde a paixón e o odio á vulnerabilidade e o arrepentimento derivado da conciencia da culpa. Poderíamos afirmar que esta película constitúe un testemuño e manifesto sobre a insatisfacción, o baleiro e a soidade da relación de parella, e o seu afán por ocultar as súas miserias e fuxir para non enfrontarse a elas nin ás súas causas.

O filme é case un tratado sobre a forma en que as persoas finxen vivir unha representación das súas vidas, unha falsificación acorde coas convencións sociais e os soños privados, antes de recoñecer o engano con que disfrazan as aparencias coma se fosen auténticas realidades.

Así, a fragilidade do matrimonio entre Marianne e Johan desmóntase aos poucos, derrubándose como un xogo de naipes, que arrastra consigo os dous personaxes cara a novos territorios psicolóxicos de inevitables cambios e ilusorias sensacións de autoconecemento e progreso privado. Coa elegancia formal e a contención emotiva propia de Ingmar Bergman, a guerra de sexos, sometida a minuciosa análise, mostra o modo en que toda unha escala de emocións latentes, como os celos e a insatisfacción privada, medran soterradamente para desembocar no illamento dos cónxuxes, poñendo de manifesto a súa inmaduridade e as súas enfermizas relacións de codependencia.

Texto completo en encadenados.org